

## DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Sab 6, 12-16:

**Encontran a sabedoría aqueles que a buscan**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA SABEDORÍA

Raiolante e perenne é a Sabedoría  
e enxérgana sen dificultade os que a aman;  
déixase atopar dos que a procuran.  
Adiántase a darse a coñecer polos que a ancean.  
Quen madrugue por ela non ha de cansar:  
atoparaa chantada a carón da súa porta.  
O matinar nela é xa o cumio da prudencia,  
quen por ela deixa o sono axiña se verá libre de preocupacións,  
pois ela de seu vai de acá para alá á procura dos que dela sexan dignos,  
aparéceselles benigna nos vieiros,  
sáelles ao encontro en calquera proxecto.

SALMO RESPONSORIAL Sal 62, 2. 3-4. 5-6. 7-8

**R/ (2b): Deus, meu Deus, de ti ten sede a miña alma**

Deus, meu Deus, por ti madrugo,  
de ti ten sede a miña alma;  
por ti devece o meu corpo,  
en terra reseca, sedento e sen auga.

Miro cara a ti no santuario,  
para ver o teu poder e a túa gloria.  
O teu amor é mellor que a vida,  
louvante os meus labios;

toda a miña vida te bendigo  
e levanto no teu nome as miñas mans.  
Como de graxa e manteiga, estou satisfeito,  
con labios alegres lóvate a miña boca.

No leito relémbrote,  
nas vixilias da noite penso en ti.  
Ti es o meu auxilio,  
á sombra das túas ás estou contento;

SEGUNDA 1 Tes 4, 13-18 (longa)

**Deus levará consigo, por medio de Cristo, ós que morreron**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA  
DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS TESALONICENSES**

Irmáns e irmás:

Non queremos, irmáns, que esteades desinformados verbo dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza. Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El os que xa morreron. Iso é o que vos dicimos apoiados na palabra do Señor: que nós, os que vivimos, os que quedemos para a Vinda do Señor, non teremos vantaxe sobre os que xa morreron; pois a un sinal de mando, á voz do arcanxo e ao son da trompeta de Deus, o Señor en persoa baixará do ceo: entón os cristiáns defuntos resucitarán primeiro; despois, nós, os que quedemos vivos, seremos arrebatados xunto con eles nas nubes, para irmos ao encontro do Señor no aire e así estaremos sempre co Señor. Polo tanto, consoládevos uns a outros con estas palabras.

SEGUNDA 1 Tes 4, 13-14 (máis breve)

**Deus levará consigo, por medio de Cristo, aos que morreron**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA  
DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS TESALONICENSES**

Irmáns e irmás:

Non queremos, irmáns, que esteades desinformados verbo dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza. Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El aos que xa morreron.

**DOMINGO 32 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 25, 1-13:

**Velaquí o esposo, saídelle ao encontro**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

O Reino dos Ceos parecerase a dez mociñas que, collendo os seus candís, saíron recibir o noivo. Cinco eran parvas e cinco asisadas. As parvas colleron os candís pero non os encheron de aceite; as asisadas, en troques, cos candís levaron tamén as aceiteiras cheas. Como o noivo tardaba, pegoulles o sono, e botaron unha durmidela.

Alá pola media noite oíuse berrar: "¡Veña, que chega o noivo, ídeo recibir!"

Erguéronse todas aquelas mociñas e prepararon os candís. Entón dixéronlle as parvas ás asisadas: "Dádenos un chisco de aceite, que os nosos candís esmorecen". Responderon as asisadas: "Non vaia ser que non chegue para vós e para nós; mellor será que vaiades á tenda e que o merquedes".

No intre que elas ían mercalo, chegou o noivo, e as que estaban preparadas entraron con el no banquete de vodas, e pechouse a porta. Máis tarde chegaron as outras mociñas chamando: "¡Señor, Señor, ábrenos!" Pero el respondeulles: "Asegúrovos que non vos coñezo".

Vixiade, logo, xa que non sabedes nin o día nin a hora.